



**D. XESÚS RODRÍGUEZ CASTRO, SECRETARIO DO CONCELLO DE BARRO
(P O N T E V E D R A) .-----**

C E R T I F I C O: Que a acta da sesión extraordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local do Concello o día 24 de maio de 2007, literalmente di:

"ACTA 12/07

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
24 DE MAIO DE 2007.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Barro, ás trece horas do día dezaseis de maio de dous mil sete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Concelleiros:

Dña. Teresa Roig Olona.

D. José Cons Calvo.

D. Manuel Fontán Outón.

Secretario

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.
- 2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.
- 3.- CONTRATACIONS DE OBRAS E SERVICIOS.
- 4.- CERTIFICACIONS DE OBRAS.
- 5.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.
- 6.- LICENCIAS DE ACTIVIDADE.
- 7.- ORDENACIÓN DE GASTOS E APROBACIÓN DE FACTURAS.
- 8.- ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Comprobada a existencia de quórum necesario para a válida realización da



edificabilidade da parcela e emplazamento da edificación conforme o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ó interesado e a Consellería de Medio Rural.

6.- LICENCIAS DE ACTIVIDADE. Sen Contido.

7.- ORDENACIÓN DE GASTOS E APROBACIÓN DE FACTURAS.- Acórdase ordena-los gastos e aproba-las facturas que se relacionan a seguir:

7.1.- ADQUISICIÓN DE TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACCESOS A VALBÓN.- A seguir o sr. Alcalde dá conta do expediente para a adquisición dos terreos necesarios para a realización das obras de Accesos a Valbón.

No expediente constan os seguintes antecedentes:

- Documento privado de partición de herencia de D. Benigno Fontán Rodríguez e D.^a Carmen Piñeiro Oubiña.

- Informe de valoración dos terreos do arquitecto técnico municipal.

- Boletín individual da propiedade de aportación de superficies na parcelaria das parroquias de Agudelo-Barro-Valiñas, na que constan as parcelas a adquirir así como as superficies.

- Precontrato de compra-venda entre o Concello de Barro e D.^a María Luz Fontán Piñeiro, no que o Concello fai entrega á propietaria da contía de 18.000,00€ para a adquisición das parcelas, autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de maio de 2006.

- Ficha de atribucións do propietario 1499, correspondente á vendedora do proxecto de concentración parcelaria citado, na que se lle asigna 5.340 m2 de terreo, que segundo a ficha correspondense coas parcelas de atribución 1499, do polígono 16 masa 210.

O Sr. Alcalde manifesta a necesidade da adquisición das parcelas de aportación, para que no seu día o propietario 1499 pase a ser o Concello e como tal pola Xunta se lle adxudiquen as parcelas resultantes da compra das parcelas de aportación, por ser necesarias para a execución das obras de Accesos a Valbón, contemplado como vial V3 no Plan Parcial SUR-1, informado no seu día pola Consellería de Política Territorial e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de data 17 de marzo de 2004.

Proponse polo tanto a adquisición a D.^a María Luz Fontán Piñeiro dos seguintes predios:

- "Bouza Valiña", en término do lugar de Valbón, parroquia de Agudelo, do termino municipal de Barro; labradío e toxeira de 16 concas e media, iguais a 8 areas

65 centíareas (865 m²). Confina N. Camiño de servidume; S. Prados de Anso; E. Hros. De Eladia Fabeiro; e Oeste Hros de Ramona Búa Cousido.

- "Eira Fonso", no lugar, parroquia e termino municipal de Barro, destinada a labradío, cunha superficie de 11 concas, equivalentes a 5 áreas 76 centíareas (576 m²). Confina: N. Madarrón máis alto; S. Riachuelo de auga; E. Pura "da cheda" y O. José Coto.

- "A de Prado", no lugar de valbón, parroquia de Agudelo (Barro); labradío de 5 concas e media, ou sexa 2 áreas 88 centíareas (288 m²). Confina: Norte, Sur, Este o Oeste, Hros. De Pascual Barro.

- "A Piolla", sita no lugar de Valbón (Agudelo-Barro); destinada a toxeira, de tres concas e tres oitavos, iguais a 1 área 77 centíareas (177 m²). Confina: N. Hros. De Manuela Mouriño; S. Horacio Guimil; E. Hros. De Fernando Guimil; e O. Hros. De Dolores Guimil Porta.

- "Veiga do Muiño", no lugar de Valbón, parroquia de Agudelo (Barro); destinada a labradío regadío o prado, de 29 concas, iguais a 15 áreas 19 centíareas (1519 m²). Limita: N. Terreo do muiño e presa de auga que sae do mesmo; S. Finca a labradío regadío dos Hros. De Pascual Prado Outón; E. Río Areal e O. Presa que vai e sae do muiño e parede dunha porción en ruínas do propio muiño.

O prezo de adquisición sería de SESENTA E CATRO MIL OITENTA EUROS (64.080,00€), con cargo á partida do orzamento do 2007.07.432.60000. Do citado pagamento descontarase a contía pagada no firma da data do precontrato de 18.000,00€, o que fai un total a aboar neste intre de CORENTA E SEIS MIL OITENTA EUROS (46.080,00€)

- Consta informe con reparos do Secretario Interventor.

Fundamentos xurídicos:

Son de aplicación:

- Lei 7/85, de 2 de abril, art. 21, 22 e 79.
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo (LRFL), artigos 213 e ss.
- Rd. 500/90, do 20 de abril, cap. III sec. 1ª, art. 60.2
- Rd. 781/86, do 18 de abril (TRRL), art. 23 e 74.
- R.D. 1372/86 de 13 de xuño, Regulamento de bens, artigos 10 e ss.
- RD.L. 2/2000, do 16 de xuño LCAP, artigo 129.
- Lei Xeral presupuestaria, art. 140 e ss.

Logo de breve deliberación, a Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE ACORDA:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Secretario-Interventor.

Segundo.- Acordar a adquisición dos predios a D.ª María Luz Fontán Piñeiro as parcelas descritas que fan un total de TRES MIL CATROCIENTOS VINTECINCO METROS CADRADOS según documentos de propiedade, e según documentos de aportación de 3.460 metros cadrados, polo prezo de SESENTA E CATRO MIL



OITENTA EUROS (64.080,00€), acordando o pago de CORENTA E SEIS MIL OITENTA EUROS (46.080,00€), pola diferenza do importe xa pagado no seu día.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos correspondentes contratos.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIONES.

8.1. EXPEDIENTE SANCIONADOR S-P-23/06 EDIFICACION XUNTO A IGREXA DE CURRO.

Dase conta que con data 19/05/07 entrada nº 1339 se recibe escrito da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura e Deporte de data 18/05/07 polo que se da traslado da resolución pola que se impón ó concello de Barro unha sanción de 44.254 € como responsable da comisión dunha infracción administrativa tipificada no art. 90.g) da Lei 8/1995 de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, así como a obriga de presentar no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, un proxecto técnico de legalización nos termos nos que foi requerido pola Comisión de Patrimonio Histórico de Pontevedra.

Consta no expediente informe do Secretario Interventor de data 21/05/07 sobre antecedentes, normativa e procedemento aplicable e as posibles consecuencias do incumplimento da legalidade de aplicación.

Logo de breve deliberación, a Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE ACORDA:


Primeiro.- Interpoñer recurso de alzada contra a citada resolución ante a Consellería de Cultura e Deporte.

Segundo.- Cumplimentar o requerimento de presentación de proxecto de legalización dentro do prazo dos dous meses.

A sesión rematou ó fío das 13 horas 30 minutos. Dou fé."

Para que conste, expido a presente que visa o Sr. Alcalde-Presidente, en Barro a quince de febreiro de dous mil once.

Vº e Prace,
O ALCALDE,



O SECRETARIO,

